

Méndez Ferrín polo Nobel.

O grupo municipal do BNG do Concello de Moaña presentou unha moción na que insta á Corporación a adoptar o acordo de solicitar a concesión do Premio Nobel de Literatura ó escritor galego Xosé Luis Méndez Ferrín.

- 01:14 10/03/1999

Despois de que o ano pasado o Comité do Nobel convidase á Asociación de Escritores en Lingua Galega a presentar un candidato que represente a Galicia e que este organismo elixise por ampla maioría a Méndez Ferrín, a formación nacionalista de Moaña pretende que este concello se sume tamén a esta petición. O BNG moañés pensa que a candidatura deste escritor "non só significa un recoñecemento á obra de Méndez Ferrín, sinon tamén a posta en valor a nivel europeo da literatura en lingua galega, así como a valoración por parte da sociedade da literatura escrita no idioma da nación galega". Lembrar que o Concello de Vigo aprobou por unanimidade nun pleno solicitar tamén o mesmo galardón para o escritor.